

ASISTENTES:

Presidente:

Dona Milagros María Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 18 de decembro de 2018, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 11 de decembro de 2018, ten lugar a XXVII sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma se procede de acordo coa seguinte orde do día:

1) Saúda

A Presidenta inicia a sesión dando a benvinda aos membros da Comisión e informa da comunicación por motivos sobrevidos da imposibilidade de asistencia dos membros representantes do Consello de Contas.

Constatase a existencia de quorum suficiente para a celebración da reunión.

2) Aprobación, se procede, da acta da sesión de 27 de novembro de . de 2018

Constátase o envío da acta da sesión XXVI a todos os asistentes, polo que non se procede á súa lectura e estando conformes todos os presentes, apróbase esta por asentimento.

3) Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº Expediente	ESTADO	Nº Expediente	ESTADO
RSCTG/118/18	Desestimado	RSCTG /127/18	Arquivo por desistencia
RSCTG /122/18	Estimado Formal	RSCTG /128/18	Estimado formal
RSCTG /123/18	Estimado	RSCTG /129/18	Estimado
RSCTG /124/18	Estimado	RSCTG /133/18	Inadmisión
RSCTG /126/18	Inadmisión	RSCTG C/134/18	Inadmisión

4) Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase celebrar a seguinte reunión o 29 de xaneiro de 2019 ás 12.00.

5) Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13. 40 horas da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta



Comisión da
transparencia
de Galicia

Milagros María Otero Parga

O secretario



Comisión da
transparencia
de Galicia

Santiago Gonzalez Serrano